




# FERVENZA DO MARRAXÓN

## Río Beelle

Adela Leiro, Mon Daporta  
marzo 2005



**Distancia:** Desde Neda: 4,5 km en coche + 1,6 km a pé  
Desde Fene: 5 km en coche + 700 m a pé  
**Dificultade:** media

Aproveitando que o tempo mellora, medran os días e os ríos andan en augas altas, podemos aproveitar para ver o despertar da natureza, sempre madrugadora nas beiras da auga, e/ou facer unha visita a calquera das fermosas fervezas que temos por todo o país. Nesta ocasión imos facer unha dobre proposta: achegarnos ao río Beelle, un río non moi cumprido de extensión, mais cunha longa historia de aproveitamentos e fermosos tramos de natureza na súa contorna, e visitar nel o **salto do Marraxón**, no linde entre as parroquias de Viladonelle (Neda) e Sillobre (Fene), onde cae por un desnivel duns 45 m de altura, nun espazo cunha interesante fraga con especies de ribeira e érbedos, carballos, loureiros, pereiras bravas...

O río Beelle nace aos pés do Fontardián, en Goente (As Pontes) e desemboca en Neda, na Ría de Ferrol. No seu percorrido por unha área de rochas diversas alterna vales encaixados, con grandes desniveis e zonas de discorrer maino. Ao longo do seu curso conserva un importante patrimonio etnográfico xa que foi obxecto dun intenso aproveitamento como forza motriz dos mecanismos de muíños, fábricas de papel e téxtiles, e nel instalouse unha das primeiras centrais hidroeléctricas. Este aproveitamento foi o impulsor do desenvolvemento da área de Neda onde, coincidindo coa existencia dos muíños, se instalaram as Reais Fábricas de biscoito, que chegaban a producir cinco mil quintais de pan ao mes, para abastecer á armada.

Ao longo do río Beelle hai moitos puntos de interese aos que nos podemos achegar: a **desembocadura na ría de Ferrol**, onde ten un pequeno esteiro; os **muíños de O Carrizo**, ou **fábrica de papel da Mourela**, e **do Cubo**, edificios de boas dimensións que dan idea da súa importancia; a **área de Lecer de Maciñeira**; o **Pazo de Isabel II**, que foi unha fábrica téxtil; as contornas das **pontes de Sillobre e Formariz**; o espazo de **Riocuberto**, onde un desprendemento de rochas oculta o río; **Cabalar**, onde se conservan os restos dun **"machuco"**... mais o interese principal atópase no **salto do Marraxón**.

Pequenos tramos do curso alto do Beelle e algúns dos seus afluentes forman parte do Parque Natural "Fragas do Eume" e do LIC "Serra do Forgoselo".



Río Beelle no Roxal (inverno)



## PERCORRIDO


Podemos chegar á ferverza por dous camiños. Desde Neda, na estrada de Ferrol ás Pontes collemos, na Mourela, un cruce á dereita que vai ao Roxal na parroquia de Anca (Neda), e no Roxal un desvío, tamén á dereita, ata o pazo de Isabel II. Desde o pazo séguese o camiño que remonta o río ata a central hidroeléctrica e desde ela por un carreiro chegamos á ferverza. E desde Fene subindo por Sillobre ao Marraxón, desde onde podemos gozar de vistas da ferverza desde o miradoiro, e baixar logo polo espazo acondicionado, que salva, con escaleiras e un carreiro, os 150 m de desnivel que nos separan da base da ferverza.



Canón  
do Belelle  
no Couce



Ferverza do Marraxón



Ferverza do Marraxón con augas altas





Riocuberto. O río desaparece entre os penedos que se acumularon por un antigo derrube.



Ponte Grande de Formariz



O Machuco



Ponte de Silobre



Muíño do Cubo, en Neda. Estivo activo ata 1976.



Muíño do Carrizo ou fábrica de papel da Mourela.



Esteiro do Bellelle en Neda.